

LINGUA E ADMINISTRACION

N.º 4 Edita: Asociación de funcionarios para a normalización lingüística de Galicia.

Setembro - Outubro / 84

ASAMBLEA CONSTITUÍENTE DA "ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS" E "II XORNADAS DE LINGUA E ADMINISTRACIÓN"

Dous fitos importantes na andadura da "Asociación de Funcionarios para a normalización lingüística de Galicia" merecen saír hoxe ás páxinas de "Lingua e Administración": por unha banda, a constitución da Asociación como tal, logo da Asamblea constituínte, celebrada o día 20 de outubro pasado, e a celebración en Vigo os días 25 e 26 do mesmo mes das "II Xornadas de Lingua e Administración" baixo o epígrafe "A fixación da linguaxe administrativa", organizadas estas últimas en colaboración cos Servicios de normalización dos concellos de Vigo e Redondela e mais do Instituto da Lingua Galega, que xa colaborara nas primeiras.

Da Asamblea constituínte hai que destacar que se aprobaron os Estatutos da Asociación sen a penas ningunha emenda con respecto ós elaborados pola Comisión Xestora e xa inscritos no Rexistro de Asociacións do Ministerio do Interior. Procedeuse seguidamente á exposición da memoria de actividades e mais á dos plans de traballo cara ó futuro. Quedou elixida a Xunta directiva da Asociación, da que resultou elixido presidente Xoaquín Monteagudo Romero, que ocupa o posto de secretario do concello de Muros. Como vicepresidente, Xesús Costas Abreu, que actualmente dirixe o Servizo de normalización do concello de Vigo; como secretaria Inés Ruibal Cendón, funcionaria da Secretaría Xeral Técnica da Consellería da Presidencia; tesoureiro, Antón García Garazo, funcionario do concello de Silleda e como vocais, César Cunqueiro González-Seco, notario do Porriño, Claudio Movilla, maxistrado da Audiencia Territorial da Coruña e Xosé González Martínez, do Servizo de normalización do concello de Redondela.

Acordouse así mesmo que a cuota que deberán pagar os asociados será de 2.500 pesetas ó ano. Calquera funcionario que queira asociarse poderá dirixirse por carta ó ap. de correos 114 de Santiago ou ben á sede provisional da Asociación na rúa Virxe da Cerca n.º 13-2.º de Santiago.

Polo que respecta ás Xornadas de Vigo, hai que destaca-la asistencia de máis de 43 funcionarios de tódalas institucións públicas, o que, xunto cos máis de oitenta asistentes ás Xornadas de Santiago (xuño do 84), proba unha vez máis o eco que, entre os funcionarios, está suscitando o problema da normalización no campo administrativo.

Por falta de espacio non imos facer aquí referencia a tódalas ponencias presentadas, pero todas destacaron fundamentalmente polo seu afán na denuncia da situación de deixadez na que segue a esta-la nosa lingua en canto á súa normalización e nas dificultades coas que contamos de cara á súa conversión en lingua vehicular da administración galega.

Esta problemática foi recollida no comunicado final das Xornadas, no que os funcionarios asistentes pedimos entre outras cousas a creación de servizos de normalización en tódalas institucións públicas galegas, o establecemento inmediato da Escola de Administración Pública, así como unha planificación axeitada dos cursos de galego para os funcionarios e a creación dos mecanismos necesarios, dotados persoal e presupostariamente, para avanzar no cumprimento da Lei de normalización lingüística.

Nestas Xornadas a "Asociación de funcionarios" asumiu o compromiso formal de pór en marcha unha Comisión Coordinadora de Linguaxe Administrativa, de cara a que se faga unha utilización correcta do galego na administración.

SUMARIO

O MARCO LEGAL

- * A oficialidade do galego: historia e actualidade (e 4), por X. Henrique Monteagudo (Páx. 2)
- * Evolución da normativa e marco xurídico actual (4), por Xesús Costas Abreu (Páx. 3)

BIBLIOGRAFÍA, por Xermán García Cancela (Páx. 6)

AS DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS

- * O Parlamento (e 2) (Páx. 6)

CUESTIÓNS DE GRAMÁTICA

- * Os prefixos, por Carlos Díaz Abreira (Páx. 8)

TERMINOLOXÍA

- * Para un vocabulario administrativo (I), por Xesús Costas Abreu e Xermán García Cancela (Páx. 9)

MODELOS DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

- * As notificacións dos actos administrativos, por Xesús Costas Abreu (Páx. 10)

NOVAS

- * O Decreto 146/1984, polo que se determinan nomes oficiais de concellos de Galicia nos que existen Notarías (Páx. 11)
- * A uniformización idiomática na historia das institucións españolas, por Xesús Costas Abreu (Páx. 12)

CONSELLO DE REDACCIÓN

Carlos Díaz Abreira
Xermán García Cancela
Xosé González Martínez
María Xesús Miramontes Castro
Mercedes Penoucos Castiñeiras
Xosé Torres Romar

Examinémo-la situación do galego na vida oficial dos seguintes estamentos:

- 1.- Aparato periférico da Administración do Estado.
- 2.- Organismos autonómicos (Parlamento, Xunta de Galicia).
- 3.- Concellos e Deputacións Provinciais.
- 4.- Administración de Xusticia.

Poderíamos considerar separadamente o nivel de lingua falada e o nivel de lingua escrita, distinguindo a máis o idioma da vida interna dos organismos e o das súas relacións co público. A distinción non sería moi rendable, pois, en xeral, podemos afirmar que nas zonas de Galicia máis galeguizadas (non urbanas) e nos sectores menos elevados da Administración, o galego é a lingua común no nivel oral, tanto na vida interna como nas relacións co público. Nos outros casos, coas excepcións que se verán, utilízase sempre o castelán. Isto é certo practicamente para os catro estamentos que enumerei arriba.

- 1.- Salvo casos illados, que moitas veces serven para confirma-la regra, todo está en castelán. Podemos destaca-la bilingüalización dos im-

Enrique Monteagudo

presos de declaración da renda e patrimonio, nos que se despreciaron as normas oficiais do galego, pese a existir unha versión seguindo estas normas; o anuncio e parcial bilingüalización da Telefónica; e exemplos grotescos como o do folleto do MOPU de Lugo, que aparece cun anaco en castelán, outro anaco nunha extraña mestura de galego hiperenxebre e tendencias portuguesizantes, e mesmo fragmentos en catalán (!). Semella que do que se trata por veces é simplemente de desprestixialo galego, para máis con cartos públicos. Como se o Estado central non tivese obrigas para os seus contribuíntes galegos...

2.- O organismo oficial máis galeguizado de todos é o Parlamento, tanto na súa vida cotiá (sesións parlamentarias) coma nas súas publicacións (**Diario de Sesións, Boletín Oficial...**) Desgraciadamente a repercusión social disto vese reducida, pois esta institución perdeu contacto coa realidade do país, e cada vez máis aparenta ter unha misión ornamental. Con todo, hai que agradecerlle a aprobación da **Lei de Normalización Lingüística**, que analizamos en liñas xerais na entrega anterior do noso artigo.

A pesar de pequenos avances realizados, a práctica lingüística da Xunta de Galicia e maila das súas dependencias é xeralmente castelá, reservando o galego para datas (tipo "Día das Letras Galegas"), ocasións (entrega de premios cul-

turais) e persoeiros (ás veces o Presidente, adoitado o Conselleiro de Educación e Cultura) en que o galego cumpre unha función de adorno, compensatoria. Menos mal que empezamos a contar cunha edición unilingüe do **Diario Oficial de Galicia**.

Non se creou ningún organismo de planificación lingüística, a penas se organizaron cursiños de galego para os funcionarios, nin se imprimiron aínda os documentos indispensables en galego. Segundo declarou Antón Santamarina a **El País** (17-marzo-1983), a Xunta gastou menos cartos no galego desde a súa creación do que o Concello de Sabadell nunha das súas campañas normalizadoras. Os datos son do ano pasado, pero a situación non se modificou sustancialmente.

Na Consellería de Educación e Cultura existe a Dirección de Política Lingüística, pero cunha dotación de medios e persoal moi escasa, polo que, a pesar da boa vontade e o esforzo da súa Directora e colaboradores, pouco máis pode facer que organizar cursiños para mestres, profesores e algún para funcionarios e adultos... e conceder exencións para os alumnos (singularmente fillos de militares) que non desexan cursalo galego. Na situación en que se atopa, esta Dirección Xeral é incapaz de elaborar unha política lingüística con obxectivos definidos. Isto na situación do galego significa nin máis nin menos que a Xunta decidiu "deixar morrer" a nosa lingua. Porque o Goberno de Galicia debe saber que a norma-

lización do galego non consiste unicamente en impoñe-la asignatura do galego nos centros de estudio.

Na Consellería da Presidencia funciona un servizo de tradución que conta na actualidade con seis persoas, o cal permite unha certa actividade normalizadora á parte da simple tradución (traballo sobre o léxico, por exemplo). Dependendo da Consellería tamén traballa a Comisión de Toponimia, que parece que vai conseguindo que os topónimos teñan como única forma oficial a galega (como se proclama na **Lei de Normalización**). En xeral, a máis da de Educación, esta é a Consellería máis consecuente na promoción do idioma. Con todo, aínda lle queda moito camiño que percorrer.

3.- Concellos e Deputacións: a falta dunha política de planificación da Xunta, o tratamento da lingua depende da composición das Corporacións Municipais, que cando se sensibilizan no problema conseguen apoio na Dirección Xeral de Política Lingüística. Pódese afirmar que son excepcións os concellos que normalizaron o idioma no seu ámbito. Xa é tópico destaca-lo labor do Concello de Redondela, que non se limita a normalizala súa vida interna, senón que tamén promove a galeguización da vida en todo o municipio (descontos para a publicidade en galego, rotulación,...). Algúns outros concellos deron pasos ou estanos empezando a dar no mesmo senso có de Redondela (Fene, Narón, Carnota, Vigo,...). Os concellos das cidades importantes de Galicia fan poucos esforzos (Ferrol, Santiago) ou absolutamente ningún (A Coruña, co seu alcalde furiosamente an-

Este número editase coa colaboración económica do Parlamento de Galicia.

Deseño: Víctor Ferreira
Imprime: Velograf, S.A.

tigalego). Existen outras iniciativas espontáneas e ocasionais ("Universidade de Verán" de Corcubión, p. ex.).

O caso das Deputacións é simplemente escandaloso (se é que queda algunha capacidade de escándalo despois do que levamos visto): non publicaron, nin por casualidade, un só título en galego no que levan de existencia. E non só iso, algunha, como a de Ourense, permítese o luxo de financia-la polémica contra as normas oficiais. Todo un exemplo para o país. Non lles vale de disculpa a financiación conxunta da "Biblioteca Básica da Cultura Galega": nin impresos en galego, nin tradutores, nin cursos para funcionarios...

4.- Pero aínda falta o mellor, na Administración de Xusticia, ou sexa, a institución encargada de velar polos nosos dereitos lingüísticos (entre outros, claro): a situación é gravísima. Non só non se impulsa o emprego do galego, senón que se impide. ¿A quen lle presentámo-la denuncia?.

Para darmos un panorama máis completo, faría falta analisármola situación no ensino (no que aínda o galego non pasa de ser unha asignatura máis, ¿para cando o galego como lingua vehicular?); dos medios de comunicación (sempre hai pretextos para disfrazar ou impedi-lo uso do galego na prensa e na radio), nos que, por certo, habería que denuncia-lo feito de a Xunta non *esixir* coñecementos de galego para as novas canles de radio e televisión autonómicas (estamos chegando ó colmo); na Universidade (é de xusticia felicitar e animar ó novo equipo rectoral polo pulo que están dando á nosa lingua na vida oficial; falta por aborda-la vida académica), etc.

Para rematar, e recoñecendo o que temos dito ata agora, vimos que o galego foi expulsado da vida oficial no século XV, e soamente nos nosos días puido reaccéder a ela. Destacámo-lo feito de que a avangarda da castelánización do noso país estivo constituída por mandatarios rexios, administradores, xusti-

cias, notarios, vidos na súa maioría de fóra. Este xermolo diglósico provocou na desbaratada nobreza galega un forte mimetismo, o mesmo ca na fraca burguesía que desexaba o ascenso social. En consecuencia, a galeguización deste sector social (o funcionariado), de enorme poder en Galicia (lémbrese o clientelismo e o caciquismo), non é doada porque:

A.- Estes sectores non contemplan a necesidade da normalización do galego, pola contra, defenden a situación actual, que coidan favorable, pois eles son os detentadores do poder simbólico da lingua A - o castelán-. De aí a forte resistencia dalgúns individuos, en parte foráneos e en parte desarraigados.

B.- Para máis, estes sectores non só desprezaron e ignoraron tradicionalmente a nosa lingua, senón que coidaron moi ben de non mesturalo seu castelán con rasgos galegos, ou de despoixarse deles, por consi-

deralos impropios do seu estatus social.

Naturalmente, se vençémo-lo prexuício diglósico (A), a dificultade lingüística (B) será moi doada de superar, dada a proximidade que existe entre o galego e o castelán, e visto que a castelánización consciente destes sectores non atinxiu habitualmente o grado de perfección desexado. A recuperación para o galego desta capa social é, polo tanto, factible. Ben sabemos que a capacidade lingüística non é reclamo de interés para unha carreira administrativa, pero o chamamento á responsabilidade e ó patriotismo, así como os estímulos materiais, a concienciación e a facilitación de acceso á lingua, son elementos suficientes para conseguilo obxectivo se este está claro: o servizo á comunidade galega, a plena galeguización do país. Que así sexa e non se demore.

EVOLUCIÓN DA NORMATIVA E MARCO XURÍDICO ACTUAL (IV)

Seguindo co estudo da evolución da normativa sobre cuestións lingüísticas no Estado español ímonos deter nalgúns proxectos de lei, os mais deles pendentos ou desbotados como tales, que son -ó noso ver- enormemente reveladores por unha serie de causas: son posteriores á Constitución e mesmo ós Estatutos de Autonomía das Comunidades Autónomas con lingua nacional de seu; teñen carácter de lei orgánica ou básica; regulan sectores fundamentais das administracións públicas,...; en conxunto pódese desprender delas a realidade dunha ameaza da interposición retrógada e restrictiva (mesmo negadora) das cooficialidades e consgradora, legalmente, do proceso de minorización. En definitiva, pódese falar do "espírito da LOHAPA" tamén na cuestión lingüística.

A) O proxecto de lei orgánica do poder xudicial de 1980, no seu artigo 288 dicía: "nas actuacións xudiciais utilizarase o castelán, lingua oficial do Estado.

Poderanse formular escritos nas restantes linguas españolas nas Comunidades Autónomas nas que sexan oficiais, pero deberá acompañarse tradución castelá dos mesmos" (BOPG 16-abril-80). Véxase sobre este tema "La lengua catalana en la Administración de Justicia" de Cesáreo Rodríguez Aguilera así como a ponencia presentada nas "I Jornadas de Lingua e Administración", celebradas en Santiago e de próxima publicación.

En 1983 un novo proxecto de lei orgánica do poder xudicial insiste en esixir tradución de todo escrito presentado en idioma oficial diferente do castelán (Art. 121, moi similar ó 254 do actual texto do proxecto pero máis restrictivo).

Mentres tanto, o Goberno central recorre, por presunta inconstitucionalidade, artigos como o 7.º da Lei 3/83 de Normalización Lingüística do noso país que di "1. no ámbito territorial de Galicia, os cidadáns poderán utilizar calquera das dúas linguas oficiais nas relacións coa Administración de Xusticia. 2. As actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada. En todo caso, a parte ou interesa-

do terá dereito a que se lle entere ou notifique na lingua oficial que elixa. 3. A Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xusticia". En concreto, recórrense perante o Tribunal Constitucional os dous primeiros apartados do artigo transcrito por entenderen que a Comunidade Autónoma non ten competencia sobre a materia. Cabería lembrar neste punto que a vixencia do artigo 25 do noso Estatuto ("Na resolución dos concursos e oposicións para prove-los postos de Maxistrados, Xuíces, Secretarios Xudiciais, Fiscais e tódolos funcionarios ó servizo da Administración de Xusticia será mérito preferente a especialización no Dereito galego e o coñecemento do idioma do país") parece pertencer a outro mundo. Ó cabo, non nos importaría que a normalización do galego na Administración Xudicial tivera que facela o poder central e non o poder galego, o que nos importa é que se faga, pero é fácil ver nesta breve reseña como detrás do conflito de competencias se agocha unha intención de impedir a normalización dende os órganos centrais do Estado; aínda hoxe, sendo ministro de xusticia unha persoa que foi membro do colectivo "Justicia Democrática", que tiña unha posición -neste e noutros moitos puntos- decididamente progresista, só se ten oído a voz de "Jueces para la democracia" para se opoñer á obriga que figura no anteproxecto de L.O. do poder xudicial do actual goberno de utilización do castelán para xuíces, maxistrados, fiscais e secretarios e á proposta da corporativista "Asociación Profesional de la Magistratura" para estender esta obriga a todo o persoal xudicial; o que "Jueces para la democracia" propón, é, sinxelamente, o libre uso dos idiomas oficiais e o dereito de tradución gratuita (Vid. o xornal "El País" do 3-III-84).

O artigo 254 do anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial que está agora en trámite parlamentario di:

"En tódalas actuacións xudiciais, os xuíces, maxistrados, fiscais e secretarios de xulgados e tribunais, usarán o castelán, lingua oficial do Estado.

As partes, os seus representantes e os que os dirixan, así como as testemuñas e peritos, poderán utilizar a lingua que sexa tamén oficial na Comunidade do territorio onde teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto nas manifestacións orais coma nas escritas.

As actuacións xudiciais realizadas no idioma oficial dunha Comunidade terán, sen necesidade de tradución ó castelán, plena validez e eficacia. Procederá de oficio á súa tradución cando deban surtir efectos fóra da xurisdicción dos órganos xudiciarios sitos na Comunidade Autónoma, a instancia do xuíz ou de parte que alegue indefensión. Nas manifestacións orais, o xuíz ou tribunal poderá habilitar como intérprete a calquera persoa coñecedora da lingua empregada, previo xuramento ou promesa do mesmo. Nestes supostos, se ningunha das partes se opuxese alegando descoñecemento da lingua, que puidese producir indefensión, poderán os xuíces, maxistrados, fiscais e secretarios usar tamén a lingua oficial propia da Comunidade Autónoma".

Pois ben, o Consello Xeral do Poder Xudicial, logo de estimar esencialmente correcto o tratamento do tema (resumible -por nós- en bilingüismo pasivo, tolerancia e tradutores improvisados, que non en cooficialidade e normalización plenas) engade a conveniencia de que as traducións non supoñan gastos para os particulares nin dilacións indebidas (?), de

que en ningún caso se poida producir indefensión (iso era o que se daba ata agora e nunca se viu a esta xente protestar) e que no primeiro párrafo do artigo (lido en negativo: o persoal xudicial non pode empregar as linguas nacionais) se inclúa ós restantes funcionarios ó servizo da Administración de Xusticia (hai que supoñer incluídos ós ordenanzas e notificadores nesta flexible proposta, que é a mesma que propugna a A.P.M.). Por se fose pouco o favor que nos fai o Consello do Poder Xudicial, tamén se preocupa -nesta liña de apertura e nula reticencia- de propoñer deixar en papel mollado o artigo 25 do noso Estatuto ó suxerir que a valoración dos coñecementos do noso dereito e idioma "se entenderán referidos exclusivamente a cargos de designación discrecional, concretamente ós de Presidentes dos Tribunais Superiores e das Audiencias e ós membros das Salas de recursos..." (Velo núm. extraordinario de marzo deste ano do Boletín Informativo do Consello do Poder Xudicial).

Cómpre salientar para rematar co estado da cuestión na Administración de Xusticia que, mentres o Goberno catalán está xa traballando na normalización lingüística neste eido, levando a cabo accións favorecedoras da informatización xudicial empregando o catalán, e o Goberno vasco ten establecido un sistema de bolsas para dotar a Euskadi de xuíces do país, o Goberno galego e os partidos maioritarios en Galicia non fan nin din nada sobre o asunto.

Resulta que (art. 3.2. da Lei de Normalización Lingüística) os cidadáns podemos dirixirnos ós xuíces e tribunais para obte-la protección xudicial do dereito a empregármolo no idioma e... ¿que protección podemos esperar cando o propio persoal xudicial ten case prohibido utilizar a nosa lingua?

Na recente reforma da Lei de Enxuciamiento Civil (Lei 34/1984, do 6 de agosto, B.O.E. do 7) inclúese un "novo" artigo 601: "A todo documento redactado en calquera idioma que non sexa o castelán, acompañarase a tradución do mesmo e copias daquel e desta. A tradución poderá ser feita privadamente, no seu caso. Se algunha das partes a impugnase dentro do terceiro día, manifestando que non a ten por fiel e exacta, remitirase o documento á Interpretación de linguas para a súa tradución oficial. En canto ós documentos redactados no idioma propio dunha Comunidade Autónoma estarase ó que dispón a Lei Orgánica do Poder Xudicial", e maila súa disposición transitoria cuarta: "Ata a entrada en vigor da Lei Orgánica do Poder Xudicial, os documentos redactados no idioma propio dunha Comunidade Autónoma, só deberán ser traducidos ó castelán se as actuacións teñen lugar ou van surtir efecto fóra do seu territorio e cando así o acorde o xuíz ou tribunal ou cando o pida algunha das partes que alegue indefensión".

B) O artigo 7 do Proxecto de Lei de bases da Administración Local de 1981 dicía:

"1. O castelán será sempre a lingua oficial nas relacións e comunicacións das entidades locais con calquera autoridade ou órgano do Estado. Deberanse realizar tamén en castelán as comunicacións coas persoas ou entidades domiciliadas fóra do territorio da respectiva Comunidade Autónoma.

2. As Ordenanzas, Regulamentos, Bandos e demais disposicións dictadas polas entidades locais deberán publicarse en castelán e, no seu caso, na outra lingua oficial dentro do territorio da Comunidade Autónoma.

3. Nas Comunidades Autónomas que teñan recoñecida estatutariamente unha lingua propia, as rela-

cións entre as diversas entidades locais, ou entre estas e as persoas e entidades relacionadas na respectiva Comunidade, poderanse realizar en calquera das dúas linguas oficiais. En todo caso, as notificacións deberanse efectuar en ámbalas linguas, non sendo que os interesados soliciten expresamente a utilización dunha delas.

4. As actas das reunións celebradas polos órganos colexiados das entidades locais redactaranse en castelán e, no seu caso, naquelaoutra lingua que teña carácter oficial no ámbito da Comunidade Autónoma. Ámbolos textos darán fe das deliberacións, votacións, acordos e demais circunstancias das sesións celebradas”.

Como se ve, o proxecto do Sr. Martín Villa non ía máis alá do nefasto Decreto 1.111/79 do seu antecesor, o Sr. Arias Salgado. No novo proxecto de lei que se está a ser debater nas Cortes, non se trata directamente o tema lingüístico (segundo se ve, é o mellor que nos pode pasar), se ben o seu responsable é un dos autores do proxecto da LOHAPA, que imos ver de seguido; en todo caso, no haber do Sr. De la Quadra-Salcedo podemos cita-lo que dixo nunha entrevista (Alfoz n.º 1, 1983) verbo do tema: “Siempre se ha dicho, y el Tribunal Constitucional ya lo reconoció, que la discriminación es la diferenciación sin causa, pero no cuando hay causa que responde a una peculiaridad lingüística. Diríamos que lo discriminatorio sería tratar igual a los que son desiguales, de manera que hay algunas diferencias que vienen dadas por la propia naturaleza de las cosas. Cada Comunidad tiene que mantener su identidad por sí misma, no hace falta que se le reconozca por nadie...” (gracias, xa o intentamos, podíades botar unha man eliminando atrancos).

O texto do artigo 7 do “proxecto Martín Villa” párecelle tan axeitado a algúns partidos políticos (centralistas) que (vid. a publicación da Comisión de Administracións Públicas do Congreso, que recolle as emendas ó actual Proxecto de Lei reguladora das bases do réxime local) o Grupo centrista o “fusila” na súa emenda á totalidade (tamén como art. 7), o mesmo que fai o Grupo Popular sen mudar nin unha coma, como emenda e como art. da súa emenda á totalidade. (Iso é traballar duro e buscar fórmulas progresistas e flexibles; o mellor do caso é que motivan esta reintroducción como “mellora técnica” (sic)).

O PNV propón o seguinte artigo 5: “O castelán e, no seu caso, a lingua propia da respectiva Comunidade Autónoma, conforme ós seus Estatutos, son as linguas oficiais dos entes da súa Administración local”.

C) No título VI do *Proxecto de Lei de Harmonización do Proceso Autonómico* (“Da función pública”), contíñase un apartado do seu artigo 32, 2.a) que trataba da cuestión lingüística e que non aparecía na redacción inicial remitida ás Cortes polo Goberno

(B.O.C.G. do 17 de novembro de 1981). Para comprender a súa transcendencia, véxase na sentenza 76/83 do Tribunal Constitucional os seus apartados I.H.49.13.º párrafo (tese do Goberno e do Parlamento vascos), I.H.53.18.º párrafo (tese do Goberno central), e especialmente II.F.42.8.º párrafo e seguintes, que supón un pronunciamento do Tribunal Constitucional nos seguintes termos: “...Unha interpretación sistemática dos preceptos constitucionais e estatutarios leva, por unha parte, a considera-lo coñecemento da lingua propia da Comunidade como un mérito para a provisión de vacantes pero, por outra, a atribuí-lo deber de coñecemento da citada lingua á Administración autonómica no seu conxunto, non individualmente a cada un dos seus funcionarios, como modo de garantiza-lo dereito a usala por parte dos cidadáns da respectiva Comunidade.”

Agora ben, dentro deste contexto, a avaliación relativa do citado mérito -e como tal considera o artigo 32.2.a) o coñecemento da lingua oficial propia das Comunidades- non ten o seu fundamento na implantación real da lingua en cuestión, senón na necesaria garantía do dereito a usala, polo que a frase final do apartado a) do artigo 32.2, “en función da implantación real da mesma”, debe considerarse inconstitucional, o que se recolle no apartado c) da primeira parte (a estimatoria) da resolución da devandita sentenza.

Así pois, podado deste inciso final (¿como se mediría a “implantación real” nun caso coma o galego, polo uso nas casas, nas igrexas, nas oficinas públicas...?) que o Tribunal Constitucional declara contrario ó réxime lingüístico constitucional, o que foi o artigo 32.2.a) do Proxecto, queda como artigo 25.2.a) da Lei 12/83 do Proceso Autonómico co seguinte texto: “A provisión das vacantes que se produzan nos postos de traballo correspondentes ós servizos transferidos ou que se deban transferir, axustarase ó seguinte procedemento: a) A Comunidade Autónoma deberá comunica-la existencia das vacantes á Administración do Estado, a fin de que esta atenda á súa provisión na forma que dispón o artigo anterior. Na provisión das devanditas vacantes, nas Comunidades nas que exista, ademais da lingua oficial do Estado, outra lingua oficial, a Administración do Estado deberá ter en conta este feito”.

Este artigo haino que interpretar en relación co apartado 1.3 do artigo 19 da Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública do que demos noma no anterior número da revista. (Este precepto tampouco figuraba no proxecto orixinal desta Lei; foi o froito dunha emenda do senador Ferrer).

Xesús Costas Abreu

Subscríbete a

LINGUA E ADMINISTRACION

BIBLIOGRAFÍA

Abrimos hoxe unha nova sección na que iremos dando conta dunha serie de novidades bibliográficas en torno á problemática tanto xurídica como lingüística que o proceso de normalización leva aparelado.

Diante da práctica inexistencia de traballos en galego e para o galego existentes ata a actualidade estaremos obrigados a facer mención de publicacións noutras linguas, aínda que moitas delas perfectamente adaptables á nosa problemática concreta.

E é obrigado abrir esta sección facendo referencia á catalana *Revista de Llengua i administració*, publicación da Dirección Xeral de Política Lingüística da Generalitat de Catalunya en colaboración coa Escola de Administración Pública, porque ela serviunos a nós como modelo para a nosa "Lingua e Administración". Desta revista van xa publicados 14 números e nela poden atoparse todo tipo de cuestións tanto de normativa xurídica como de problemática léxica e gramatical.

NOTA DO CONSELLO DE REDACCIÓN

O Consello de redacción da revista acordou notificar a tódolos lectores e subscritores de "Lingua e Administración" que a partir do número 5 deixaremos de face-lo envío gratuito que ata a data realizabamos a tódolos concellos de Galicia e a outras entidades. Permitímonos solicitar, sen embargo, que tódolos interesados en seguir recibindo a revista formalicen a oportuna subscripción.

Como introducción ós problemas xerais da lingua administrativa é moi interesante o libro de Luciana CALVO RAMOS *Introducción al estudio del lenguaje administrativo*, Biblioteca Románica Hispánica, Gredos, Madrid, 1980.

Para temas xerais e introductorios é de consulta obrigada *Revista de Llengua i Dret*, editada pola Escola de Administración Pública da Generalitat de Catalunya, da que ata o de agora van editados tres números.

Para a cuestión terminolóxica, e para un efectivo plan de traballo neste senso acaba de publicarse a versión catalana do orixinal francés *Metodologia de la recerca terminologica*, traducida por M. Teresa CABRE I CASTELLVI, e publicada polo Departamento de Cultura da Generalitat. O orixinal é obra de Pierre AUGER e Louis ROUSSEAU, e foi publicado pola Office de la langue française du Québec.

En números sucesivos iremos dando noticia de moitas outras publicacións de utilidade, do mesmo xeito que calquera suxerencia neste campo será ben recibida pola redacción de "Lingua e Administración".

Xermán García Cancela

as dependencias administrativas

O PARLAMENTO (e II): ORGANIZACIÓN

O Parlamento de Galicia está constituído por Deputados elixidos, a través dun sistema de representación proporcional, por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto e por un prazo de 4 anos. O seu número actual é de 71, cifra comprendida entre os 60 e 80 que establece o Estatuto de Autonomía de Galicia.

O *Presidente* do Parlamento dirixe a Cámara, resolve as discrepancias e impulsa o desenvolvemento das funcións lexislativas.

A *Mesa* é o órgano rector e representativo do Parlamento, e a ela correspóndelle a interpretación do Regulamento, a organización interna da Cámara, a elaboración dos seus presupostos maila aprobación dos seus gastos e a calificación e tramitación de tódolos escritos e documentos parlamentarios.


A *Xunta de Portavoces* é escoitada para establece-los criterios de funcionamento parlamentario, decide-la Comisión competente na tramitación de textos lexislativos, fixa-lo número de membros de cada G.P. que integran as Comisións, establece-lo calendario de actividades destas e asigna-los escanos no Salón de Sesións ós diferentes G.P.

As *Comisións* tramitan os proxectos, proposicións ou asuntos que lles encomenda a Mesa do Parlamento.

O *Pleno* é a reunión de tódolos Deputados para debate-los textos lexislativos recollidos na Orde do Día.

A *Deputación Permanente* é o órgano que vela polos poderes da Cámara cando remata o mandato parlamentario, cando se dissolve a Cámara ou cando esta non está reunida.

Para un maior detalle no funcionamento, composición, etc., destes órganos, pódese consulta-lo Regulamento do Parlamento (BOPG n.º 150).



de Alianza Popular de Galicia ...	26	Deputados
dos Socialistas de Galicia	16	"
Independente	12	"
Coalición Galega	9	"
Centristas de Galicia	3	"
Mixto	5	"

- 1ª, Regulamento
2ª, Estatuto dos Deputados
3ª, Peticións

- 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior.
2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.
3ª, Economía, Facenda e Presupostos.
4ª, Educación e Cultura.
5ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.
6ª, Sanidade, Política Social e Emprego.
7ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.
8ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montas.
9ª, Pesca e Marisqueo.

Por ex., de tramitación do Proxecto de Lei de Concentración Parcelaria

Por ex., de estudo e seguimento do proceso de integración de España na C.E.E.

Fe de erros.- No anterior número da revista, nesta sección, cometéronse dous erros. O primeiro, de omisión, pois o autor do organigrama que se incluíu é Anxo Teixeira Piñeiro. O segundo erro refírese á unidade de "Relacións públicas e protocolo", que erroneamente se fai depender de "Estenotipia/Taquigrafía", cando non ten nada que ver con este servizo, senón que sería paralelo ós de "Biblioteca e documentación" e "Informática e publicacións".

OS PREFIXOS

Un dos moitos procedementos que posúe a lingua para o seu enriquecemento léxico é o da derivación por prefixación, que consiste na anteposición á palabra dunha partícula (prefixo) que modifica a idea expresada polo elemento primitivo. A utilización de prefixos para a formación de palabras ten unha gran importancia no terreo da lingua culta e, concretamente, no eido administrativo.

Os distintos prefixos son orixinariamente, na súa maior parte, preposicións (“a, ante, contra”...) ou adverbios (“mal, ben, menos”...) e case todos coinciden na súa forma cos das outras linguas, pois a maioría son de orixe grega ou latina e a eles recorren os diferentes idiomas.

Algunhas destas partículas poden existir soas (“contra, entre, menos”...), desempeñando a función propia da categoría gramatical a que pertencen (preposición, adverbio...). Son estes os prefixos separables. Pola contra, os inseparables só se empregan nestas combinacións, aínda que noutros tempos tivesen vida propia (“ex, inter, super”...).

Os prefixos poden sufrir alteracións en contacto coa vocal ou coa consoante inicial da palabra derivante: p. ex.: “anovulatorio”/“apatía”, “informal”/“ilegal”. Tamén é posible a aparición de máis dun prefixo, o que vén supoñer normalmente unha nova alteración do significado: “in-dis-poñer”, “des-in-formar”... Igualmente, un mesmo prefixo, como veremos nalgúns dos exemplos (“ex, re”...), pode ter diversos valores, expresando consecuentemente diferentes ideas.

A seguir, vexamos unha lista dos prefixos máis usados, reflexando o(s) seu(s) significado(s) e as posibles variacións de forma que adoptan ó se soldaren co elemento nuclear:

- **ab, abs, a:** “afastamento, separación”: abxurar, abstracción, aversión. Tamén “paso para un estado”: adormecer, abaratar.
- **ad, a:** “aproximación ou dirección”: adxuntar, asentimento.
- **an, a:** “negación ou privación”: anarquía, apolítico.
- **anfi:** “dunha e da outra parte”: anfibio, anfiteatro.
- **ante:** “anterioridade no espazo ou no tempo”: antebrazo, antepoñer.
- **anti:** “oposición, posición contraria a”: antifrancista, antiaéreo.
- **arqui, arce:** “posición superior”: arquipélago, arcebispo.
- **ben, bene:** “ben, bo”: bendicir, benfeitor, benevolencia.
- **bis, bi:** “n.º dous”: bisneto, bisavó.
- **centu, centi:** “n.º cen”: centuplicar, centímetro.
- **circum, circum:** “movemento en torno a, arredor de”: circumpolar, circunvalación.
- **cis:** “anterioridade no espazo ou no tempo”: cisalpino, cisatlántico.
- **com, con, co:** “contigüidade ou compañía”: compoñer, convivir, cooperación.
- **contra:** “oposición”: contradicción, contraorde.
- **cuadri, cuadru:** “n.º catro”: cuadrilátero, cuadrúpeda.

- **de:** “movemento de arriba para abaixo”: decaer, decrecer.
- **deci:** “n.º dez”: decímetro, decilitro.
- **des:** “separación, acción contraria”: desusar, desfacer.
- **día:** “movemento a través de”: diacrónico, diálise.
- **dis, di:** “negación, separación, dispersión”: distender, divagar.
- **em, en, e:** “posición interior, ou paso para un estado”: embalsamar, encéfalo, elipse.
- **endo:** “posición interior, movemento cara a dentro”: endocardio, endotérmico.
- **entre** (véxase -inter).
- **epi:** “posición superior, movemento cara a, posterioridade”: epiderme, epicentro.
- **eu:** “ben, bo”: eufonía, euforia.
- **ex, es, e:** “movemento cara a fóra”: exportar, escorrer, emigrar.
Ex- tamén pode significar “estado ou posición anterior”: ex-ministro, ex-alcalde.
- **extra:** “posición exterior, fóra de”: extraordinario, extraviar.
- **hiper:** “posición superior, exceso”: hipérbole, hipertensión.
- **hipo:** “posición inferior, escaseza”: hipoglucemia, hipotensión.
- **in, im, i:** “idea contraria, negación, privación”: independencia, impermeable, ilegal.
- **in, im (ou “en, em”),** formas galegas resultantes da preposición latina “in”: “movemento cara a dentro”: inxerir, importación, enterrar, embarcar.
- **infra:** “posición inferior”: infrahumano, infravermello.
- **inter** (ou a forma galega “entre”): “posición intermedia”: intermediar, entreabrir. Tamén pode significar “relativo a varios suxeitos ou cuestións”: internacional, interdialectal.
- **intra, intro:** “posición interior, movemento cara a dentro”: intravenoso, introducción.
- **mal:** “mal, mala”: maldicir, malquerencia.
- **menos:** “acción contraria, posición inferior”: menospreciar, menoscabar.
- **meta:** “alteración, máis alá de”: metamorfose, metalingüístico.
- **mili, mil:** “n.º mil”: milimetrar, milmañas.
- **ob, o:** “posición fronte a, oposición”: obxección, opoñer.
- **orto:** “corrección”: ortografía, ortodoxia.
- **para:** “proximidade, á beira de”: paradigma, paramilitar.
- **per:** “movemento a través de, intensidade”: percorrer, perseguir.
- **peri:** “arredor de”: perímetro, perífrase.
- **pos, post:** “posterioridade”: pospoñer, postguerra.
- **pre:** “anterioridade ou posición máis alá de”: presupoñer, prexulgar, preeminente.
- **pro:** “movemento cara a diante”: progresión, proseguir. Tamén pode significar “posición en plural”: prosociético, pronuclear; ou “substituto de”: pronome.
- **re:** “movemento cara a atrás”: retraer, refluír. Tamén “repetición”: refacer, reler.
- **retro:** “movemento cara a atrás”: retroactivo, retroceder.
- **sin, sim:** “simultaneidade, compañía”: sincronizar, simpatía.

- **sobre** (véxase -super).
- **sub, su, co...**: "inferioridade": subterráneo, supoñer, soterrar.
- **super, sobre**: "posición enriba de, exceso": superpoboación, sobredose.
- **supra**: "posición enriba de, exceso": supranacional.
- **trans, tras, tra**: "movemento a través de, posición máis alá de": transportar, trasalpino, traducir.
- **tri**: "n.º tres": triángulo, tricolor.
- **ultra**: "posición máis alá de": ultramoderno, ultrapasar.

- **uni**: "n.º un": uniforme, unísono.
- **vice**: "substituto de": vicepresidente, vicedirector.
- **xusta**: "posición á beira de": xustapoñer, xustaposición.

Carlos Díaz Abaira

terminoloxía

PARA UN VOCABULARIO ADMINISTRATIVO. *Instrumentos administrativos*

Imos facer unhas definicións tentativas de diversos tipos de instrumentos da administración cara a un futuro vocabulario.

Cómpre ter en conta que empregámo-las acepcións máis circias e diferenciais; a carón delas existen outras máis amplas ou "vulgares" e mesmo nalgúns casos cabería aportar matices que, polo de agora, desbotamos, o mesmo que refugamos aludir a polémicas doutrinais nalgúns dos supostos. Tempo teremos de perfilar máis as definicións e debete-las dúbidas que xurdirán de certo.

ACTAS.- Documentos que conteñen relación do sucedido en determinado momento e lugar (poden ser dunha reunión, dunha inspección...).

AUTOS.- Resolucións xudiciais que resolven sobre unha cuestión accidental xurdida nun procedemento.

AXENDAS ou **ORDES DO DÍA.**- Relación ordenada e -en principio- exhaustiva dos asuntos que se van tratar nunha reunión (a exhaustividade e a ordenación dos temas predicáanse en maior grado das ordes do día, as axendas son menos formais).

CERTIFICACIÓN.- Instrumentos administrativos polos que se acredita a existencia de certo acordo ou documento dun determinado órgano ou administración.

CITACIÓN.- Son convocatorias para que o destinatario asista a un acto, nun lugar, día e hora determinados.

COMUNICACIÓN.- Son actos de relación entre órganos administrativos (en senso xenérico sería un escrito, ou mellor, un mecanismo de relación no que se dá

conta oficialmente dalgunha cousa).

DECLARACIÓN.- Manifestacións -realizadas por escrito ou oralmente perante un funcionario (estas son as COMPARECENCIAS)- dun interesado sobre certos feitos.

DILIXENCIAS.- Declaracións de constancia dun feito no seo dun procedemento administrativo.

EDICTOS.- Anuncios para dar coñecemento con carácter xeral dun feito, acto administrativo ou período para determinada actividade en relación cunha administración.

EMPRAZAMENTOS.- Son convocatorias para comparecer nunha oficina determinada e nun día determinado, ou dentro dun prazo que se sinala.

INFORMES.- Opinións -técnicamente fundadas- que emite un funcionario ou organismo (distinto do que ten que resolver) sobre un asunto ou expediente. Como especies teríamo-los **DICTAMES** (informes de altos órganos) e os **INFORMES-PROPOSTA** (informes que incorporan unha proposta de resolución). Os informes poden ser preceptivos ou non, vinculantes ou non.

INSTANCIAS.- Escritos dun particular, solicitante do órgano administrativo competente que tramite o correspondente **EXPEDIENTE** para resolver sobre o que se pretende.

MEMORIAS.- Relacións ordenadas (temporalmente e/ou por materias) e resumidas das actividades dun determinado ente ou persoa; adóitase incluír nelas valoracións verbo dos niveis de satisfacción, custos/resultados e resultados/obxectivos previstos.

NOTIFICACIÓN.- Son actos de relación entre órganos administrativos e interesados no procedemento de que se trate, polos que se fai saber a estes determinado acordo adoptado.

OFICIOS.- (Termo xenérico referido ó elemento material). Comunicacións escritas dun órgano administrativo ou autoridade (pode ser de traslado, de denuncia, de constancia de recepción...).

PROVIDENCIAS.- Son dilixencias de impulso dun procedemento nas que se resolve sobre unha cuestión de trámite.

RECLAMACIÓN.- Impugnacións dun acto administrativo perante un órgano administrativo (o mesmo que dictou o acto ou outro).

RECURSOS.- Impugnacións dun acto administrativo perante un órgano xudicial.

REQUERIMENTOS.- Son ordes de entregar, facer ou deixar de facer determinada cousa.

RESOLUCIÓN.- Modo de remate normal dun expediente ou procedemento administrativo.

SENTENCIAS.- Resolucións xudiciais que rematan e resolven o fondo dun asunto nun procedemento.

Xesús Costas Abreu

Xermán García Cancela

AS NOTIFICACIÓNS DOS ACTOS ADMINISTRATIVOS

1. Segundo a Lei de Procedemento Administrativo (que axiña publicaremos en galego), no seu artigo 45, os actos administrativos válidos poden ver demorada a súa eficacia pola necesidade da súa notificación ou publicación.

Débense publicar (46 LPA) os actos que teñen unha pluralidade de destinatarios ou aqueles nos que por norma así se determine.

Débense notificar (79 LPA: artigo fundamental nesta materia) persoalmente as resolucións que afecten ós dereitos ou intereses das persoas (naturais ou xurídicas, o concepto de interesados neste caso é o circio que fixa o artigo 23 da LPA); así pois cómpre notificar no teórico prazo máximo de 10 días:

1) as resolucións: os actos finais dun procedemento.

2) ós interesados: nun senso técnico (poderíamos dicir que son os destinatarios ou afectados directamente polo acto) notificación e publicación verbo dos "actos administrativos" (que rematan cun procedemento) funcionan normalmente como mecanismos de relación comunicación cos cidadáns afectados que poden ser alternativos; a notificación dáse cando hai uns afectados individualizados, a publicación cando o destinatario é un colectivo amplo ou subsidiariamente un interesado descoñecido ou inatopable.

2. Imos logo centrarnos na "notificación" como instrumento ou documento formal (esas "papelás" crípticas que lles chegan os cidadáns do común, esas mesmas que os listillos van buscar ás oficinas cando lles interesan) para explicar que é o que ten que conter:

a) o texto íntegro do acto, acordo ou resolución (non necesariamente os antecedentes, debates, votacións... si a motivación cando é obrigada -43. LPA-: en actos limitativos de dereitos, resolucións de recursos, nos que se arreden de precedentes ou dictames nos actos suspensivos, e cando o requira algunha lei específica).

b) a indicación de se é ou non definitivo en vía administrativa (arts. 36 da LRXAE e 37. da LXCA, definitivos serían aqueles que realmente resolven un expediente sen que caiban reclamacións administrativas ordinarias e si só recursos xudiciais).

c) os recursos que contra do acto caiban, sinalando órganos perante os que interpoñer cada un e prazos para exercitalos (os interesados poderán usar tódalas vías de defensa e non só as que se sinalen).

3. No tocante á forma temos que:

a) Hai que notificar por escrito (oficio, carta, telegrama ou outro medio) que permita acredita-la recepción do mesmo polo interesado (consignándose identidade, data e acto contido: o mecanismo máis común é o de asinar e data-lo duplicado; a data de recepción ten a importancia de se-lo día dende o que contan os prazos para recorrer e decide o día en que ten efectos o acto notificado).

b) Hai que notificar persoalmente (ó enderezo que o interesado indicou e a el mesmo, en principio, se ben cabe que a reciban os familiares ou testemuñas, e en último caso publica-lo acto). En caso de facelo por correo ten que ser certificado e con constancia de recepción.

En principio tamén, as notificacións que non cumpran estas rigorosas esixencias son ineficaces, se ben o interesado se dá por enterado ou recorre, valen igualmente; tamén se corrixe (ten validez) unha notificación defectuosa -sempre que conteña o texto íntegro do acto- se pasan 6 meses dende a súa entrega ó interesado e este non a rexeita formalmente pedindo que se rectifican os erros. Como se pode deducir, a notificación, documento concebido como instrumento de defensa e garantía dos dereitos dos cidadáns, é un documento moi formalista no que a marxe de flexibilidade é moi pequena: poderíamos pensar en que a copia íntegra do acordo dilixenciado se adxunte en folla a parte para así funcionar con impresos tipos que conteñan as circunstancias recollidas nos apartados b) e c) do n.º 2 deste texto; en acordos sinxelos e favorables ós interesados: concesión de licenza a un funcionario, autorizacións para utilizar un local público, etc., adóitase entregarlle copia en man ó destinatario asinando este unha sinxela dilixencia no orixinal pola que se dá por notificado.

Para as administracións locais, véxanse os artigos 401 e seguintes da L.R.L. e 309 e seguintes do R.O.F. que introducen algunhas especificacións adicionais; agora só nos interesa salienta-lo apartado 2 do artigo 309 do R.O.F.: as comunicacións que se dirixan as autoridades asinaranas os presidentes da Corporacións e as demais que dean traslado de acordos asinaraas o secretario (este precepto pode servírnos como regra xeral sobre quen ten que asinar estes documentos se temos en conta que cabe a posibilidade de delega-la sinatura nos responsables sectoriais).

Xesús Costas Abreu

SR/a. D/a.
Enderezo

Con data / / 198 / o Pleno deste Concello de Ourense acordou "AUTORIZA-la súa solicitude de, sinalándolle que debe Vde. aterse ás seguintes condicións:

- 1) Abona-las taxas municipais de.....
- 2) Inicia-la operación en menos de meses e rematala antes de se cumprir anos/.
- 3) Garantiza-la seguridade dos veciños e repoñer ó seu estado primitivo os elementos emprega-dos....."

Contra o presente acordo, que non esgota a vía administrativa, pode Vde. interpoñe-los seguintes recursos:

- 1.- De reposición, perante o mesmo Pleno, no prazo de 2 meses, contados dende o día en que reciba esta noti-ficación.
- 2.- Contencioso-Administrativo, perante a Sala de Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña, no prazo de 2 meses dende a notificación de resolución do anterior recurso, ou dun ano dende que o interpuxo se non recibiu comunicación da súa resolución.

Calquera outro que Vde. estime, en uso dos seus dereitos.

Ourense, a / / 198

O/A SECRETARIO/A,

RECIBÍN
Sinatura e data

NOVAS

O Decreto 146/1984, do 27 de decembro, polo que se determinan nomes oficiais de concellos de Galicia nos que existen Notarías (D.O.G. n.º 192, 5-10).

A normalización lingüística ten un dos seus pilares básicos na recuperación da toponimia e na correcta utilización da denominación dos nomes de lugares, vilas, cidades e en xeral de tódalas entidades de po-boación. Neste senso, é denunciante o pouco ou case nada que os organismos públicos (dende a mesma Xunta á maioría dos Concellos) están a facer por cumprir o que a Lei de normalización lingüística establece no seu artigo 10.1 ("Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega"). Non temos neste senso máis que botar unha ollada ós anuncios que aparecen tódolos días na prensa ou nos Boletíns Oficiais das provincias ou ás rotulacións en estradas e vías en xeral.

A aprobación do Decreto que aquí comentamos non debería, dende logo, segui-lo mesmo camiño cá norma anterior e quedar en papel mollado. Coidamos que a propia Xunta, que o promulga, debería de

coidar polo seu cumprimento e que por fin as denomi-nacións que no Decreto se establezan sexan as úni-cas empregadas: A Coruña, Pontedeume, Ponteceso, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, Noia, Porto do Son, Melide, Ordes, Rianxo, Palas de Rei, A Fonsagrada, Castro de Rei, A Pontenova, Vi-veiro, Vilalba, Ourense, O Barco de Valdeorras, Xin-zo de Limia, O Carballiño, Viana do Bolo, O Grove, Sanxenxo, Forcarei, Ponte-Caldelas, Pontearreas, A Cañiza, Tui, A Guarda, O Porriño, Baiona, A Rama-llosa, Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis, etc... por citarmos aqueles que máis se apartan da denomina-ción deturpada que se vén utilizando.

Esperamos unha vez máis que o Decreto non se quede en papel mollado e que xa definitivamente se empece actuar con coherencia. Porque coherencia non é, dende logo, que nalgúnhas sinalizacións exte-riores que circulan por aí se cometa a "barbaridade" de utiliza-las dobres formas do tipo Orense/Ourense, como se un mesmo sitio se puidese chamar de dúas formas diferentes: hai unha única forma e esa só pode se-la orixinal e non a deturpada.

INSTITUCIÓNS ESPAÑOLAS

Que unha política lingüística a penas se explicita (o caso do nacente Estado Español a partir o século XV) ou mesmo que a un non lle guste (o caso da Xunta e de tantas institucións de Galicia) non significa que non exista nin que non teña os seus efectos. Por iso non deixa de resultar sorprendente que os historiadores obvien na inmensa maioría dos casos esta cuestión, máis aínda na historia das institucións ou historia constitucional onde se adoita dar máis importancia ó estudio e evolución do nome de cada concreto órgano e institución ca ó tratamento do problema idiomático.

Por iso queremos salienta unha obra ("Historia de las Instituciones Españolas", de Antonio Alvarez de Morales, publicada en 1982) que contén baixo o título de "la centralización idiomática" unha apretada síntese deste proceso nos séculos XVIII e XIX e que pasamos a transcribir:

Esta política oficial estrelábase cada vez máis cunha resistencia máis consciente e organizada. Unha disposición de 1919 inicia unha certa desescalada da posición oficial ó permiti-lo ensino do catalán en certos niveis. Pero a dictadura de Primo de Rivera foi un paso atrás fulminante, que quedou plasmado nun Decreto de 1926,

polo que se volvía ameazar con expedientes ós mestres que non utilizasen e ensinasen o castelán. A república aboliría esta lexislación e crearía unha nova situación, na que, aínda que se mantiña o castelán como lingua oficial da nación, se permitía en Cataluña o ensino do catalán.

Esta normativa acompañouse con outras medidas como a Lei do notariado de 1862, que dispuxo que tódolos instrumentos públicos debían redactarse en castelán o que foi logo flexibilizado polo

"A centralización supuxo un duro golpe para as linguas rexionais, aínda que xa no século XVIII se produciron feitos

importantes, que reduciron o ámbito nas antigas linguas, así as consecuencias da guerra de sucesión en Cataluña, Baleares e Valencia e causas sociolóxicas, derivadas de que, sobre todo a partir dese século, os curas que estaban nas parroquias do País Vasco non soubesen esta lingua, o que determinou un retroceso grave, sobre todo en Álava.

O establecemento do réxime liberal coas súas medidas centralizadoras e a extensión dun ensino elemental uniforme e estatal quedaron ratificados na Lei de 1857, que no seu artigo 2 obrigaba ó ensino da gramática castelá a tódolos escolares.

A pesar disto, certos sectores da Igrexa Católica ensinaban o catecismo na lingua vernácula; isto foi terminantemente prohibido por un Decreto de 1902, que asimilaba o ensino da doutrina cristiá á gramática e previa sancións ós mestres que transgredisen esta orde. Outra disposición, de 1907, volvía ordenar que é o primeiro deber dos mestres de instrución primaria o ensino da lingua castelá singularmente naquelas provincias da monarquía que conservan idiomas ou dialectos locais.

regulamento de 1874. Ou a orde de 1867 que prohibiu a presentación á censura de teatros de obras escritas exclusivamente en lingua rexional -dialectos, diciase- porque podía fomentalo espírito autóctono destas rexións, o que deu lugar ó costume pintoresco de que, no teatro catalán, falase un personaxe en castelán e os demais en catalán co que quedaba superada a norma prohibitiva. En 1904 obrigábase a utiliza-lo castelán na correspondencia e comunicacións oficiais".

Velaquí, pois, máis probas da vontade consciente e férrea de rematar cos idiomas nacionais diferentes do castelán, do que podemos extraer unha consecuencia obvia: ou se actúa decididamente a prol da normalización do noso idioma ou a inercia de séculos vai seguir actuando.

Xesús Costas Abreu

LINGUA E ADMINISTRACIÓN

Apartado de correos 114

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Instituto da Lingua Galega

Facultade de Filoloxía

Praza de Mazarelos

Santiago